

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**


**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o vinte e dous de xuño de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:**

**20/415 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTA DE ALCALDE E CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE CONTRATACIÓN, ASÍ COMO DE AUTORIZACIÓN DA UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, RELATIVOS ÁS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016. CORRECCIÓN DA ENUMERACIÓN DE PROCEDEMENTOS.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 16 de xuño de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“As festas patronais do San Froilán que se celebran entre os días 4 e 12 de outubro de 2016 levan consigo a necesidade de tramitar unha serie de procedementos administrativos de contratación e autorización para a utilización do dominio público por parte do Concello precisos para o bo desenvolvemento dos eventos. Así, en concreto e sen prexuízo doutros que puideran xurdir con anterioridade ao inicio das festas:

- Contratación da produción integral dos espectáculos artísticos.
- Contratación dos concertos musicais e demais espectáculos artísticos.
- Iluminación ornamental das rúas.
- Alugueiro de stands e casetas e autorizacións de instalación dos postos.
- Procedemento de licitación convocado para a autorización da instalación de casetas e caldeiros do polbo durante as festas do San Froilán.
- Procedemento de licitación para a autorización de instalación de atraccións no recinto feiral.

O cumprimento dos prazos establecidos legalmente para a tramitación dos expedientes de contratación obrigan a iniciar estes cunha antelación mínima ao período de execución do contrato, pero por outra banda non é posible precisar as condicións técnicas de determinadas contratacións ata o momento de ter pechado a maior parte do programa de festas dadas as peculiares características dos contratos artísticos. Así as cousas, parece oportuno propoñer unha delegación de competencias por parte da Xunta de Goberno Local na Concelleira Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, -competente nesta materia- para así poder resolver a través dun órgano unipersonal, mais áxil á hora de adoptar resolucións que un órgano colexiado como é a Xunta de Goberno Local onde as ordes do día se pechan con bastante antelación.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x260200415

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-6-2016

No acordo número 20/286 da Xunta de Goberno Local celebrada o 11 de maio de 2016, procedeuse a delegación da resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016, pero por erro omitiuse na relación de procedementos o relativo á licitación para a autorización de instalación de atraccións no recinto feiral, que compartindo a mesma natureza, e aínda que quedaría englobado na delegación xa efectuada, pola súa substantividade enténdese máis correcto a súa inclusión expresa dentro dos procedementos enumerados.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS) e o Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS),

**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Delegar as competencias na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016, entre os que cabe sinalar para efectos enunciativos, e sen prexuízo doutros que poidan xurdir, os seguintes:

- Contratación da produción integral dos espectáculos artísticos.
- Contratación dos concertos musicais e demais espectáculos artísticos.
- Iluminación ornamental das rúas.
- Alugueiro de stands e casetas e autorizacións de instalación dos postos.
- Procedemento de licitación convocado para a autorización da instalación de casetas e caldeiros do polbo durante as festas do San Froilán.
- Procedemento de licitación para a autorización de instalación de atraccións no recinto feiral.

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a delegación da competencia.



Concello de Lugo

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refº: 16x260200415

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-6-2016

TERCEIRO.- Notificarlles esta resolución a todos os interesados e dependencias municipais afectadas.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**



MURALLA  
patrimonio da humanidade

CSV: II/jZWp89e8XFTQpoB+8VA==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO  
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 3 / 3

DATAS(UTC)

28/06/2016 09:33:33

28/06/2016 09:33:32

